


AUTOR: Maurice Ravel 1875-1937

AUDICIÓN: Bolero


- Compositor francés asociado ao movemento Impresionista.
- Esta obra foi composta e adicada á bailarina Ida Rubinstein.
- O interés desta obra está no aspecto tímbrico (combinación de instrumentos)
- Dous temas que non cambián dende o comezo ata o final e
- Un ritmo obsesivo que non deixa de soar



Tema A (1ª parte)


Tempo di Bolero moderato assai. ♩ = 72

pp



The image shows two staves of musical notation for Tema A. The top staff is in treble clef and the bottom staff is in bass clef. The music is in 3/4 time. The tempo is marked 'Tempo di Bolero moderato assai' with a quarter note equal to 72 beats per minute. The dynamic is marked 'pp' (pianissimo). The melody is characterized by a series of eighth notes and quarter notes, with a prominent triplet of eighth notes in the first measure.

Tema B (2ª parte)



The image shows two staves of musical notation for Tema B. The top staff is in treble clef and the bottom staff is in bass clef. The music is in 3/4 time. The melody is characterized by a series of eighth notes and quarter notes, with a prominent triplet of eighth notes in the first measure.

FICHA Nº 2

AUTOR: Modest Mussorgsky	OBRA: Cadros dunha exposición
AUDICIÓN: Selección de pezas da suite.	
XÉNERO MUSICAL: Suite para orquestra	

Unha suite e unha obra musical formada por distintas pezas. Nesta obra que foi composta orixinalmente para piano -e orquestrada posteriormente por Ravel- o compositor inspírase nunha serie de cadros pintados polo seu amigo Hartmaan que morre ós 39 anos. Mussorgsky foi un compositor ruso que vive no século XIX; é un compositor nacionalista porque o igual que moitos músicos desta época, facían as súas obras baseándose no folclore e na poesía do seu país. Este movemento tivo lugar en países coma Rusia, Checoslovaquia ou nos países nórdicos. A obra de Mussorgsky e moi orixinal debido a que non tivo unha formación académica e en moitos casos deixouse levar máis pola intuición que pola técnica.

Promenade: e a primeira melodía que escoitamos; serve de introducción e logo vai servir tamén para unir un cadro con outro.

Gnomo: como se pode apreciar na música o gnomo que describe non é un personaxe idílico se non mais ben un monstro deforme.

Baile dos pitos dentro dos ovos: e unha peza máis humorística que a anterior.

O xudeu rico e o xudeu pobre: o cadro representa un deles rico e arrogante e outro pobre e chorón.

A cabana sobre patas de galiña: o cadro orixinal representa unha cabana con forma de reloxo que é onde vive a bruxa Baba Yaga.

A grande porta de Kiev: O cadro de Hartmaan representaba un proxecto para construír unha gran porta según o antigo estilo ruso.

FICHA Nº 3

AUTORES: Anónimos. excepto a 2 que ten texto de Marcabré	OBRA: Música nos castelos Séculos IX-XIII
AUDICIÓNS: 1. Ar Bleizi-mor 2. L'autrier jost una sebissa (Pastorela) 3. Fuwëles in the frith	

A primeira peza é unha canción bretona do S IX na que se fai referencia ás *bestas do mar*; este termo era empregado polos pobos celtas para referirse aos invasores vikingos que arrasaban ás costas da Bretaña francesa saqueando os seus pobos.

A segunda peza é unha pastorela de orixen provenzal; o seu autor Marcabré foi un dos trovadores máis importantes, afástase das convencións da época e o seu estilo contrasta coa corrección de outros trovadores cortesáns. No xénero da pastorela a situación sempre é a mesma: un cabaleiro trata de seducir a unha pastora establecéndose un xogo dialéctico.

A terceira peza é unha canción inglesa que data do S XIII e describe o intenso que pode chegar a ser o sentimento amoroso.

As partituras que chegaron ata nos que datan de esa época, presentan o problema de que as notacións musicais (no caso de que se conserven) son moi imprecisas e requiren que os intérpretes completen as partes que faltan (ritmo, instrumentos empregados, etc); é por iso que a mesma canción en versións diferentes pode resultar completamente distinta. Non será ata o S XIV cando comece a establecerse unha notación máis precisa en canto a melodía e o ritmo.

FICHA Nº 4

AUTOR: Dimitri Shostakovich 1906-1975	OBRAS: 9ª sinfonía en Mibm op 70 Cuarteto de corda nº 8 en Dom op 110
AUDICIÓN: -Sinfonía: 1º Allegro -Cuarteto: 1º Largo 2º Allegro molto 3º Allegretto	
XÉNEROS MUSICAIS: -Sinfonía (Música instrumental para orquestra) -Cuarteto de corda (Violín I - Violín II – Viola – Cello)	

Shostakovich é considerado por moitos coma o compositor sinfónico máis importante do século XX. A súa obra non se pode separar do contexto histórico no que foi creada: a Unión Soviética baixo o mandato de Stalin(1925-1953). Nesta época Rusia pasou de ser un país atrasado a converterse nunha potencia industrial pero tamén foi unha etapa de represións, asesinatos e deportacións (entre 4 e 60 millóns de vítimas). Shostakovich recibe ás máis importantes condecoracións do estado pero tamén severas advertencias e amonestacións públicas baixo a acusación de compondor un tipo música antipopular; esto fai que durante moito tempo debátase entre compondor a música que él cree que debe facer e a música que agardan del as autoridades do réxime soviético. A novena sinfonía foi composta en 1945 ó pouco de rematar a guerra e din que a obra provocou a cólera de Stalin xa que este agardaba que compuxera unha obra apoteosica para celebrar a victoria e pola contra Shostakovich escribe á mais curta e a máis lixeira das súas 15 sinfonías.

O cuarteto nº 8 foi escrito en só tres días en xullo de 1960 e comeza co motivo re-mib-do-si que traducido a notación alfabética alemana sería DSCH unha abreviatura do seu nome. Esta obra estaba adicada a si mesmo a xeito de epitafio, pois en aquela época rondaba pola súa cabeza a idea do suicidio. Cando aparece publicado o cuarteto na dedicatoria (seguramente imposta polas autoridades) aparece " para as vítimas da guerra e do fascismo"

FICHA Nº 5

AUTOR: Benjamin Britten 1913- 1976	OBRA: Guia de orquestra para músicos
XÉNERO MUSICAL: Tema e variacións	

Esta música foi composta por Britten seguindo un encargo da BBC para acompañar a un documental sobre os instrumentos da orquestra. Está tan ben escrita que hoxe en día se interpreta nas salas de concerto e do documental orixinal apenas temos noticias. O compositor toma como punto de partida unha melodía de outro compositor do barroco inglés, Henry Purcell polo que a obra recibe estes dous nomes: "Guia de orquestra para músicos" ou "Tema e variacións sobre un tema de Purcell".

Está estruturada do seguinte xeito:

1ª parte: A orquestra completa toca o tema e a continuación é tocado por cada unha das familias da orquestra no seguinte orde: vento madeira, vento metal, corda e percusión e de novo a orquestra completa volve a tocar o tema principal.

2º parte: A continuación presenta cada instrumento por separado na seguinte orden:

- Vento madeira: flauta, flautín, oboes, clarinete e fagot
- Corda: violíns, violas, violonchelos, contrabaixo e harpa
- Vento metal: trompas, trompetas, trombóns e tuba.
- Percusión: timbais, bombo, platillos, pandeireta, triángulo, tambor, caixa china, xilófono, castañolas, gong e látigo.

3ª parte Polo mesma orde na que foron presentados participan todos nunha **fuga** que é unha forma musical na que todas as voces que van entrando o fan tocando a mesma melodía. Unha vez que entraron todos os instrumentos da orquestra volve a soar o tema de Purcell neste caso para pechar esta obra.

FICHA Nº 6

AUTOR: Edvard Grieg 1843-1907	OBRA: Peer Gynt Suite nº 1 Op. 46
XÉNERO MUSICAL: Suite para orquestra	

Edvard Grieg é un compositor nacionalista noruego. As obras máis coñecidas son as dúas suites de Peer Gynt e o concerto para piano en Lam; tamén compuxo moitas obras para piano e cancións para voz e piano. Esta suite, Peer Gynt, esta baseada na obra de teatro homónima de Henrik Ibsen. Antes de darlle a súa forma definitiva de suite, Grieg compuxera a música incidental que acompañaba á obra de teatro de Ibsen. Peer Gynt é un rapaz fanfarrón e aventureiro que forma parte das lendas noruegas.

- **A mañán:** a música pretende describir un amencer que contempla o noso protagonista en África. Na primeira frase a frauta e o oboe alternanse para facer a melodía.
- **A morte de Ase:** neste número Grieg describe a morte de Ase, nai de Peer Gynt. A orquestra toca sempre o mesmo motivo; comeza en pianísimo, chega ata o fortísimo e finaliza novamente en pp.
- **Danza de Anitra:** Peer Gynt atópase en Exipto e é enfeitizado por unha esclava que canta e danza para él.
- **Na gruta do rei das montañas:** Peer Gynt trata de fuxir do rei dos troll. A mesma frase de catro compases repítese un total de 19 veces cada vez máis rápido e máis forte, dando a sensación dunha persecución.

FICHA Nº 7

AUTOR: Georg Friedrich Haendel 1685-1759	OBRA: Música acuática
AUDICIÓN: Suite nº 3 en Re M: Allegro-Hornpipe-Menuet-Lentamente-Bourée	
XÉNERO MUSICAL: Suite para orquestra	

G.F.Haendel foi xunto con J.S. Bach o músico mais importante do período histórico no que viviu: o **barroco**. Os dous músicos nacen no mesmo ano, pero mentras Bach nunca sae da súa Alemaña natal, Haendel encarna ó músico cosmopolita. Nace en Alemaña, aos 21 anos viaxa a Italia onde permanecerá durante catro anos; regresa a ao seu país e ao pouco tempo emprende viaxe a Londres, onde se asentará definitivamente. A súa música representa unha síntese dos estilos alemán, francés, italiano e inglés. Hai que ter en conta que no barroco a música era un arte reservado ás élites e os compositores non eran independentes se non que estaban ligados ás cortes ou ás familias nobles por relacións de mecenado.

En xullo de 1717 o rei Jorge I de Inglaterra, acompañado pola corte, realizou unha excursión polo Támesis remontando o río ata a localidade de Chelsea; nunha das barcas viaxaba unha orquestra que durante todo o camiño foi interpretando obras de Haendel. Esta 3ª suite consta de 5 movementos entre eles: hornpipe, menuet, bourée; estes nomes fan referencia a danzas pero hai que precisar que estas suites nunca foron pensadas para ser bailadas e que os distintos movementos toman de cada unha desas danzas os ritmos característicos. Esta 3ª suite caracterízase pola presenza da familia dos instrumentos de vento metal: trompas e trompetas, ademais das habituais familias de corda, percusión e vento madeira.

FICHA Nº 8

AUTOR: Wolfgang Amadeus Mozart 1756-1791	OBRA: Concerto para piano
AUDICIÓN: Concerto para piano e orquestra 21 en DoM Kv 467	
<ul style="list-style-type: none">• 2º movement: Andante• 3º movement: Allegro Vivace	

Un concerto é unha obra para orquestra na que un ou varios instrumentos fan un papel máis importante que o resto é dicir fan o papel de solistas. No concerto o instrumento **solista establece un diálogo coa orquestra**, a diferenza da sinfonía ou de outras obras orquestrales, nas que todos os instrumentos participan por igual.

Mozart compuxo 27 concertos para piano e na súa estrea tocou él mesmo -case sempre- a parte do solista, amosando así o súa calidade coma intérprete e coma compositor. Ademais de concertos para moitos instrumentos, Mozart compuxo 41 sinfonías, óperas, sonatas, misas, cuartetos, serenatas, etc. ata un total de 626 obras que inclúe o seu catálogo.

Nos dous movementos que imos escoitar a orquestra presenta primeiro un tema que logo e tocado polo piano e durante todo o movemento alternanse pasaxes do solista e pasaxes de orquestra. Ao final do 3º movemento hai unha parte que aparece en case todos os concertos que é coñecida coma **cadencia ou cadenza**; nesa parte a orquestra detense e deixa só ao pianista que é cando ten máis liberdade para amosar o seu virtuosismo. Orixinariamente as cadenzas eran improvisadas polos solistas aínda que hoxe en día sempre están escritas polo compositor ou ben polo intérprete.

FICHA Nº 9

AUTOR: Antonio Vivaldi 1678-1741	OBRA: Concerto para 2 mandolinas
AUDICIÓN: Concerto para 2 mandolinas e orquestra en Sol M	
1º movement: Allegro 2º movement: Andante 3º movement: Allegro	

Antonio Vivaldi foi un músico italiano que viviu no período correspondente ó Barroco. Unha das características desta etapa é a busca de contrastes nas distintas artes: o clarooscuro na pintura, volumes nas fachadas dos edificios...; na música os contrastes teñen lugar entre os distintos movementos do concerto-rápido-lento-rápido- e entre a oposición do **solista co tutti**.

Vivaldi foi coñecido na súa época coma *il prete rosso* (o cura roxo) pola cor do seu pelo. Estudiu para sacerdote e comeza a exercer aos 24 anos, pero por mor da mala saúde foi dispensado de decir misa e conságrase por enteiro á música. Durante 37 anos foi estivo empregado coma compositor, mestre de música no Hospital de la Pietá en Venecia. Esta institución, tiña a finalidade de amparar a nenas orfas e a fillas ilexítimas; era unha especie de convento no que a música tiña un papel moi importante. Foi para esta institución e para estas nenas, para quen Vivaldi compuxo a meirande parte da súas obras. Os concertos que alí se celebraban atraían a grandes públicos e os viaxeiros que por alí pasaron destacan a orquestra pola súa calidade e polo feito de estar formada exclusivamente por rapazas.

Nesta época había unha demanda constante de música nova, non se interpretaba compositores clásicos coma hoxe en día e poucas obras sobrevivían máis de 1 ou 2 temporadas; o público agardaba que Vivaldi presentase obras novas en cada un dos concertos que se celebraban na Pietá; cóntase que éste alardeaba de que era capaz de compondor un concerto con maior rapidez da que un copista tardaba en copiar as partes. Con preto de 600 concertos compostos, estableceu un modelo en tres movementos (Allegro-Andante-Allegro) que sería imitado por compositores posteriores.

FICHA Nº 10

AUTOR: Nikolai Rimski-Korsakov 1844-1908

AUDICIÓN: Scheherezade

Op. 35 Suite sinfónica en catro movementos

Rimski-Korsakov foi un músico ruso que viviu a finais do século XIX. Forma parte do **grupo dos cinco** que estaba integrado por: Balakirev, Cui, Mussorgsky e Borodin. Estes músicos coma todos os nacionalistas desta época propugnaban un rexeitamento das correntes musicais europeas e unha volta ás raíces da música popular rusa. A obra de Rimski-Korsakov que é o máis novo do grupo caracterízase por ter unha orquestración moi rica e unhas melodías moi fermosas

Esta obra está baseada nos contos *Das mil e unha noites*; esta serie de contos son narrados por Sheherazade ó visir Shahriar todas as noites para así salvar a súa vida.

Os catro movementos da suite levan os seguintes títulos:

- O mar e o barco de Simbad
- A fantástica historia do príncipe Kalender
- O novo príncipe e a princesa.
- Festa en Bagdad - O mar - O naufraxio contra a rocha coroada por un guerreiro de bronce.

O tema en ff do comezo preséntanos ao terrible visir Shahriar e inmediatamente despois o violín acompañado pola harpa toca o leitmotiv que servirá para caracterizar a Sherezade. Un **leitmotiv** é unha melodía que se usa para retratar a unha personaxe ou a unha situación. Esta melodía dalle unidade a toda a obra, xa que vai a soar en diferentes momentos.

FICHA Nº 11

AUTOR: Claude Debussy 1862-1918
--

AUDICIÓN: O mar : tres esbozos sinfónicos
--

Claude Debussy foi un músico francés que vive o remate do S.XIX e o comezo do XX. Pasa a meirande parte da súa vida en París nun momento no que esa capital pode considerarse o centro artístico do mundo. Alí presencia a exposición universal de 1889 e queda impresionado pola música de Oriente os gameláns de Indonesia. Entabla relación cos poetas simbolistas (Verlaine) e con pintores impresionistas coma Monet e outros. O nome que empregamos para referirnos á música de Debussy é **impresionismo**.

Os pintores impresionistas non tratan de debuxar a natureza con todo detalle -non é casualidade que acabaran de aparecer as primeiras fotografías- se non que pretenden amosar unha visión subxectiva da mesma; é coma se as formas foran perdendo protagonismo para dar mais importancia ás cores.

Na música de Debussy ocorre algo semellante; crea sonoridades puras (coma as cores dun cadro) e perden importancia a melodía e o ritmo. Atopámonos neste caso do *mar* cunha música que vai cambiando e que da a impresión de que non se dirixe a ningunha parte coma se nos fose ensinando diferentes cores.

O plantel da orquestra está formado por: 3 frautas, 3 oboes, 2 clarinetes, 3 fagotes, 4 trompas, 2 harpas e a familia da corda fregada.

1. Do alba ó mediodía sobre o mar 09:16
2. Xogos de olas
3. Diálogo do vento e do mar

FICHA Nº 12

AUTOR **P. I. Chaikovski 1840-1893**

AUDICIÓN: **Obertura 1812**

Piotr Ilyich Chaikovski foi o principal músico romántico ruso. É coñecido principalmente polos seus ballets (o lago dos cisnes, a bela durminte, quebranosces...) e polo seu concerto para piano e orquestra.

Unha obertura-como o seu nome indica-é unha obra instrumental que servía de preludio xeralmente ás óperas, aínda que máis adiante compuxéronse tamén como pezas orquestrais independentes, tal é o caso desta obertura 1812.

Esta obra foi estreada na catedral do Santo Salvador de Moscú; esta igrexa foi consagrada para celebrar a vitoria rusa sobre o exército de Napoleón en 1812, e para tal ocasión foi composta esta obra.

A obra consta das seguintes partes.

1. Coral do exército ruso interpretado pola corda. A elección desta melodía relixiosa simboliza a noticia dada nas igrexas do comezo da guerra.
2. Preparativos para a batalla.
3. Campo de exército francés representado musicalmente pola Marsellesa
4. Campo de batalla ruso representado musicalmente por dúas melodías populares.
5. Enfrontamento dos dous exércitos-van soar as melodías de ambos bandos e cañonazos.
6. Repetición en ff do coral con que comeza a obertura e campás que representan a vitoria do pobo ruso.

FICHA Nº 13

AUTOR:

- **Frederic Chopin 1810-1849**

AUDICIÓN

- **Nocturno en MibM Op.9 nº 2**
- **Estudo Op.10 nº 1**
- **Andante Spianato e gran polonesa**

F. Chopin foi un compositor que adicou toda a súa obra a un único instrumento : o **piano**. Nun momento no que en todos os salón burgueses tiñan este instrumento, Chopin foi que de componer unha música ó mesmo tempo: refinada, popular, esixente e intimista. Nace en Polonia pero pasa a meirande parte da súa vida e desenvolve a súa carreira en París. Como prototipo de artista romántico morre moi novo dunha enfermidade pulmonar: tuberculose.

Nocturno: é un peza breve para piano creada por polo irlandés John Field 30 anos antes, aínda que é Chopin quen compón as pezas máis fermosas para este xénero de música de salón. A man esquerda fai un acompañamento, mentras a dereita canta unha melodía que imita á voz humana.

Estudo: é unha obra destinada a superar unha dificultade técnica no dominio dun instrumento. Neste estudo nº 1 a dificultade é para a man dereita que ten que facer arpexios moi abertos a gran velocidade.

Polonesa: é unha danza popular orixinaria de Polonia. Chopin non escribe música de baile pero toma da polonesa o seu ritmo base e compón unha serie de pezas nas que alternan os pasaxes líricos con outros máis heroicos.

FICHA Nº 14

AUTOR:	Johann Sebastian Bach 1685-1750
AUDICIÓN:	Concerto de Brandeburgo nº 2 BWV 1047 <ul style="list-style-type: none">• 1 Allegro• 2 Andante• 3 Allegro Assai

O período denominado Barroco comeza no ano 1600 e remata no ano 1750. Non é casualidade que o final dese período e o inicio do Clasicismo coincida coa morte de Bach. A súa música supón un punto e aparte na historia xa que a obra de Bach representa un resumo de toda a música anterior; é un auténtico milagre como logra aunar estilos tan diferentes para facer unha música de tal beleza que segue a ser referencia para todas as xeracións de músicos posteriores.

Nace en Alemaña nunha familia de músicos -fillo e neto de instrumentistas-, e dos 20 fillos que tivo 5 deles foron tamén notables compositores.

Os seis concertos de Brandeburgo son **concertos grossos** e en cada un deles hai un grupo diferente de instrumentos solistas que se enfrontan a un grupo orquestral.

Neste 2º concerto o grupo de instrumentos solistas son: violín, oboe, frauta e trompeta, e o número de movementos é de 3, na mesma orde que seguían compositores italianos coma Vivaldi nos seus concertos: Rápido - Lento - Rápido

Outra característica da música desta época é o **baixo continuo** que consiste na presenza dun clave ou un órgano que realiza os acordes e a liña do baixo para que os instrumentos melódicos podan tocar por enriba con máis liberdade.

FICHA Nº 15

AUTOR:	Igor Stravinsky 1882- 1971
AUDICIÓN:	A consagración da primavera. Segunda parte <ul style="list-style-type: none">• Círculos misteriosos dos adolescentes 3:25• Glorificación da eleixida 2:13• Evocación dos ancestros• Acto ritual dos ancestros 3:19• Danza sagrada 4:33

Stravinsky é o gran xenio do século XX; cosmopolita e ecléctico, foi comparado con Picasso pola súa facilidade para adaptar os diferentes estilos e deixar en todos eles a súa personalidade.

A consagración da primavera pertence xunto con *Petruchka* e con *O paxaro de lume* a unha serie de ballets que Stravinsky compuxo para o empresario Diaghilev e que supuxeron o recocemento mundial do músico ruso.

E unha das obras máis revolucionarias e trascendentales da música clásica pola súas innovacións en ritmo, harmonía e timbre e no ano 1913 na súa estrea en París provocou tal rechazo que foi preciso conter ó público no 2ª parte xa que unhos pensaban que era unha obra mestra e outros pensaban que era unha tomadura de pelo.

A historia ambientada na Rusia antiga cando comeza a primavera, describe o rapto e sacrificio dunha doncela que debía bailar ata a súa morte para que os deuses foran benevolentes no comezo da seguinte estación.

FICHA Nº 16

AUTOR:	George Gershwin 1898-1937
--------	----------------------------------

AUDICIÓN:	Rapsodia in blue
-----------	-------------------------

Gershwin foi un compositor norteamericano que compuxo principalmente cancións e comedias musicais en colaboración co seu irmán Ira que era quen compoñía os textos. Foi un compositor autodidacta e a pesar de ser mundialmente recoñecido e inmensamente rico sempre botou en falta unha formación técnica máis sólida. As súas cancións e musicais foron a banda sonora e un pequeno atisbo de luz para os estadounidenses que sufriron a gran depresión do 29.

O título desta obra xoga co dobre sentido de blue (azul ou canción triste) e podemos dicir que é primeira obra sinfónica que integra elementos clásicos (título de rapsodia, a formación orquestral e a duración da obra en torno a 16 minutos) con elementos jazzísticos: improvisación e sensación de que a música está sendo creada no momento da interpretación.(lembrede que o jazz tivo as súas orixes en EEUU a finais do XIX e comezos do XX).

Gershwin compuxo ademais de preto de 500 cancións, numerosos musicais coma **Un americano en París**, ou a ópera **Porgy & Bess** co famosísimo Summertime.

FICHA Nº 17

AUTOR:	Manuel de Falla 1876-1946
--------	----------------------------------

AUDICIÓN:	El amor brujo. Ballet convertido nunha suite de orquestra.
-----------	---

Manuel de Falla foi o principal músico español do século XX. Nace en Cadiz, estudia en Madrid e os 21 anos vai a París onde permanecerá durante 7 anos, onde entra en contacto cos músicos do momento especialmente con Debussy e Ravel. Os 63 anos acabada a guerra civil emigra a Arxentina a pesar de que o goberno de España ofrecíalle unha pensión vitalicia para que regresara; permanecerá ali ata os 70 anos; cando falece e repatriado a España e enterrado na catedral de Cadiz. A súa música é un exemplo do emprego do folclore andaluz para crear obras universais.

A acción do ballet ten lugar entre xitanos en Andalucía nunha atmósfera de supersticións e bruxería. Está baseado na lenda dun amante morto cuxo espírito aparécese cada vez que outro home intenta ocupar o seu lugar no corazón de Candelas. A xitana Candelas logra desviar a atención do espectro hacia outra muller polo que pode dar o primeiro bico de amor o seu namorado e romper así o maleficio.

O ballet orixinal foi adestinado a Pastora Imperio a máis famosa bailadora de flamenco daqueles tempos e ademais intercálanse tres cancións xitanas.

A selección que imos escoitar consta das seguintes partes:

- | | |
|-------------------------------------|--|
| 1.-Introducción e escea 0:33 | 5.- O círculo máxico 2:48 |
| 2.-Na cova.De noite 2:21 | 6.-A medianoite. Danza ritual do lume 4:40 |
| 3.-Canción do amor doido 1:38 | 7.-Escea. Canción do lume fatuo 1:45 |
| 4.-O aparecido Danza do terror 2:20 | 8.-Pantomima 4:40 |

FICHA Nº 18

AUTOR: Ludwig van Beethoven	OBRA: 5ª sinfonia en Dom Op 67
AUDICIÓN: 1º Allegro con brio 2º Andante con moto 3º Scherzo 4º Allegro	
XÉNERO MUSICAL: Sinfonía (Música instrumental para orquestra)	

L van Beethoven foi un músico que viviu entre os séculos XVIII e XIX é dicir que as súas primeiras obras pertencen o período clásico e as ultimas ó Romanticismo. Foi o primeiro músico romántico é polas súas innovacións, as súas obras non foron aceptadas facilmente polo público. Ata entón os músicos dependían de algún mecenas para subsistir e tiñan que componden según a moda ou atender encargos do seu patrón. Beethoven foi o primeiro músico independente que compuxo para a posteridade. (*se a obra non é do agrado do público non é culpa miña, débese a que os ointes aínda non están preparados para esta música*).

A sinfonia é unha obra para orquestra que consta de varios movementos, xeralmente: 1º Allegro 2º Adagio ou Andante 3º Minuetto ou Scherzo 4º Allegro
Esta forma foi establecida por Haydn -mestre de Beethoven- que compuxo máis de 100 sinfonías.

Outra das innovacións de Beethoven foi a introducción dun coro no último movemento da 9ª sinfonia, cando ata entón este era un xénero puramente instrumental.

FICHA Nº 19

AUTOR: Oliver Messiaen (1908-1992)
AUDICIÓN: Cuarteto para el fin de los tiempos

Compositor francés considerado dos imprescindibles do século XX. Na súa música mestúranse diferentes elementos para dar lugar a unha obra inconfundible. En primeiro lugar está o seu interese polos paxaros dos que dicía que eran os mellores músicos, polo que aparecerán transcritos os seus cantos en moitas das súas obras. Outras características son a súa profunda relixiosidade que intentará plasmar en todas as súas composicións e a preocupación pola cor na súa música. (sinestesia).

Este cuarteto divídese nos seguintes movementos:

- 1.- Liturxia de cristal 02:28
- 2.- Canción para o anxo que anuncia o fin dos tempos
- 3.- Abismo dos paxaros
- 4.- Intermedio 01:40
- 5.- Louvanza da eternidade de Xesús 07:43
- 6.- Danza da furia para as sete trompetas 06:04
- 7.- Encrucilladas de arcos iris para o anxo que anuncia o fin dos tempos
- 8.- Louvanza á inmortalidade de Xesús.

No ano 1940 ao comezo da II guerra mundial, Messiaen é chamado a filas, non combatente se non coma auxiliar médico debido á súa pobre visión; é feito prisioneiro e enviado a un campo de concentración en Polonia. É alí onde compón esta obra para os únicos instrumentistas que alí atopa: clarinete, violín, violonchelo e un destartalado piano que él mesmo tocou. A primeira vez que se estrou foi no propio campo para os presos e os gardas un frío xaneiro de 1941.